

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MOAÑA**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A VENDA DE MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E TURÍSTICA*

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña na sesión do día 26/10/2017, aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos para a venda de material de promoción cultural e turística do Concello de Moaña.

Publicado o anuncio no BOPPO nº 216, do 10/11/2017 e transcorrido o prazo de 30 días hábiles para reclamacións e suxestións, non se presentou ningunha, entendéndose definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004 do 5 de marzo (aplicable supletoriamente pese o carácter non tributario do prezo público), que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, momento no que entrará en vigor.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS PARA A VENDA DE MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL E TURÍSTICA DO CONCELLO DE MOAÑA**

##### *ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

De conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello acorda a imposición dos prezos públicos para a venda de material de promoción cultural e turística do Concello de Moaña.

##### *ARTIGO 2º.—CONCEPTO*

O Concello de Moaña establece os prezos públicos correspondentes para a venda de material de promoción cultural e turística que se especifican no artigo catro desta ordenanza.

##### *ARTIGO 3º.—PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO*

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que queiran adquirir produtos de promoción cultural e turística do Concello de Moaña tal como se establece no artigo catro.



Xoves, 18 de xaneiro de 2018

Núm. 13

*ARTIGO 4º.—VENDA DE PRODUTOS DE PROMOCIÓN CULTURAL E TURÍSTICA*

A Xunta de Goberno Local poderá aprobar a edición e elaboración de produtos destinados á promoción cultural e turística do Concello de Moaña.

*1. Importe*

O prezo público de cada produto será determinado pola Xunta de Goberno Local en función dun informe de custos realizado polos servizos económicos do Concello.

O prezo establecido non poderá ser inferior ao custo de produción de cada produto.

*2. Xestión e cobro*

As persoas interesadas seguirán o procedemento establecido por acordo da Xunta de Goberno Local para cada convocatoria efectuándose o ingreso dos prezos públicos correspondentes nas entidades financeiras e de cobro debidamente autorizadas.

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA*

A presente ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de outubro de 2017, entrará en vigor ó día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia (coa salvedade recollida na Disposición Transitoria Única), permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Documento asindo dixitalmente na marxe.

A Alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

